

RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, presentada por FEDERACION DE ENSEÑANZA DE CCOO con NIF G78427002 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA 2021/2150700	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN 13-09-2021 21:22	DESTINO SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL
--	--	---

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitude	Solicitude-PR004A-20210913.pdf	BF5F6EEB2C9AEE85349DB5A7F29576D2C972B6A8104D DE540B8B298F4915DB50
ESCRITO PLATAFORMA	2021-09-13 escrito plataforma.pdf	B37B7B3F95CE20EE97CD3B581CE8879AC5B815238263 12D16353D26098ABAA43



PROCEDEMENTO

PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

PR004A**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL

FEDERACION DE ENSEÑANZA DE CCOO

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

G78427002

TIPO DE VÍA

RÚA / CALLE

NOME DA VÍA

MIGUEL FERRO CAAVEIRO

NÚMERO

8

BLOQUE

ANDAR

1

PORTA

PARROQUIA

SAN LAZARO

LUGAR

SAN LAZARO

CP

15703

PROVINCIA

CORUÑA (A)

CONCELLO

Santiago de Compostela

LOCALIDADE

SANTIAGO

TELÉFONO

981551820

FAX

981551821

TELÉFONO MÓBIL

628714369

CORREO ELECTRÓNICO

ensino@galicia.ccoo.es

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

MARIA LUZ

PRIMEIRO APELIDO

LOPEZ

SEGUNDO APELIDO

PEREZ

NIF

76708450T

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:

 Persoa ou entidade solicitante Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL

628714369

CORREO ELECTRÓNICO

ensino@galicia.ccoo.es

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

 Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

ASUNTO RELACIONADO

Escrito da Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia

NO CASO DUN PROCEDEMENTO EXISTENTE

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

EXPÓN:

Que remitimos escrito da Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia dirixido o Sr. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación as medidas para garantir a seguridade e a saúde das/dos traballadores dos centros educativos, do alumnado e das súas familias pola COVID-19.

Polo tanto, SOLICITA:

Qu se de por presentado o escrito que se acompaña.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

ESCRITO DA PLATAFORMA

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 4 de maio de 2017, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

SANTIAGO , 13 de setembro de 2021



Sr. Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

06 de setembro de 2021

Ante o inicio dun novo curso escolar, e coñecéndose a evolución da pandemia, desde a **Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** facemos constar a nosa fonda preocupación pola relaxación das medidas para garantir a seguridade e a saúde das/dos traballadores dos centros educativos, do alumnado e das súas familias, e instamos á Consellería a dar marcha atrás aos recortes na saúde das persoas que participamos na educación.

Ás organizacións integrantes desta plataforma sorpréndenos de xeito negativo que, tanto na conferencia sectorial como no resto dos foros onde se debaten as medidas de saúde e seguridade do entorno educativo, non se conte cos representantes dos diferentes sectores da comunidade educativa. Lamentamos a falta de liderazgo do Ministerio de Educación e os acordos tomados na conferencia sectorial que permiten a esta Consellería recortar recursos imprescindibles.

Igual que fixemos o curso pasado, seguimos esixindo a presencialidade segura do alumnado en todas as etapas educativas, e, por elo, non entendemos que as administracións educativas revertan os cupos extra que se contrataron o curso pasado en vez de amplialos para garantir esta esixible presencialidade segura. Rexeitamos que se reduza a distancia de seguridade do alumnado de 1,5 m a 1,2 m, xa que se demostrou útil para previr os contaxios. Non se entende esta redución de distancia nas aulas cando noutros espazos incluíndo o exterior se segue a manter a distancia de 1,5 m.

É sabido que, como o resto da sociedade, o alumnado, as súas familias e tamén o profesorado vimos sufrindo situacións límite ao longo da pandemia co obxectivo de avanzar no proceso educativo con profesionalidade e dilixencia. A Covid-19 puxo en evidencia realidades tales como o alumnado que require de reforzos e apoios académicos, psicosociais e emocionais; profesorado extenuado e familias esgotadas. De aí que non se entenda, nin poidamos aceptar, que se recorte no apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. Máxime cando tanto a comunidade educativa como a sociedade confirmaron con claridade que os beneficios de aumentar significativamente o persoal nos centros educativos van moito máis aló do aspecto sanitario, e que inciden na calidade educativa, na mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe, o adecuado manexo da convivencia nos centros educativos, unha mellor



atención ás familias, o incremento nos indicadores da atención á diversidade e un longo etc.

Por todo isto, desde a **Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** esiximos o mantemento nos centros educativos dos cupos docentes e do resto de persoal contratado no curso pasado, así como o seu incremento para estender a baixada de ratios, a presencialidade en todas as etapas educativas non universitarias, e a continuidade do requisito de 1,5 m de distancia de seguridade, contando con tal fin cos correspondentes fondos europeos. Esiximos que se manteñan os desdobres do curso pasado e que non se pechen aulas.

Rexeitamos de maneira contundente que se rebaixen os requisitos que permitan garantir a seguridade, a saúde e os reforzos educativos e recordamos que os fondos que se asignan ás comunidades autónomas por parte do Goberno deberán ir obrigatoriamente asociados a manter e mellorar as medidas do curso pasado.

As organizacións que formamos parte **da Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** promoveremos actuacións e mobilizacións conxuntas da comunidade educativa tanto a nivel estatal como autonómico.

Luz López Pérez
Representante plataforma